

MOCIÓN POLA ACTUACIÓN INTEGRAL NAS VPP DE TELLEIRA Nº 3 POR PARTE DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio de Vivendas de Promoción Pública (VPP) en Telleiras 3, entregado en 2013, presenta un estado de abandono institucional inaceptable. O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) é o propietario de 30 das 35 vivendas do bloque. Malia esta maioría absoluta, a administración autonómica ignora as súas obrigas de mantemento, deixando desamparadas ás familias e cargando sobre os 5 propietarios particulares unha responsabilidade económica e xurídica inasumíbel. Ademais, cando as denuncias foron públicas e a prensa fixo eco houbo pequenas reformas mais non foron ao problema estrutural dun edificio onde literalmente chove polas paredes ou comeza caer parte das paredes ou cubertas. O incumprimento de obrigas do IGVS como propietario maioritario deste edificio de Narón situado no barrio de Xuvia é de auténtica vergoña e precisa dunha ofensiva institucional tanto no parlamento galego como a presión desde a administración máis próxima: o concello.

A alegría coa que optaban ás vivendas familias e persoas que comezaron a habitar o edificio que ten de promotor ao propio Instituto Galego de vivenda e Solo (IGVS) pronto se tornou pesadelo. Levan máis dunha década de deficiencias graves e insalubridade. As patoloxías non son novas nin puntuais, senón que se remontan a 2016:

- **Humidades e fungos:** A falta de illamento provoca condensacións severas en case todas as vivendas, afectando á saúde de menores e persoas vulnerables.
- **Inundacións no garaxe e ascensores:** O sistema de bombas de achique foi deficiente desde a súa instalación, provocando inundacións recorrentes que inutilizan o garaxe e os elevadores.
- **Risco eléctrico:** Existen filtracións que afectan directamente á zona de contadores e rochos.
- **Deterioro de zonas comúns:** Caída de azulexos no portal e fendas nas paredes por entrada de auga.

O peor case é a desidia e falta de resposta á comunidade de propietarios que xa fixo canto ten nas súas mans solicitando reunións, facendo un proxecto de solución, subindo tarifas na comunidade de propietarios, etc. Así, a comunidade presentou unha reclamación formal o 10 de marzo de 2025 , solicitando medidas urxentes e unha reunión presencial co IGVS. A día de hoxe, o IGVS segue sen dar resposta efectiva nin



NARÓN

realizar as actuacións necesarias, malia que a comunidade aprobou unha derrama para gastos xudiciais de 3.500 euros ante o bloqueo da situación.

POR TODO ISTO SOLICITAMOS OS SEGUINTE ACORDOS:

- 1. Esixir ao IGVS**, como propietario de 30 das 35 vivendas e promotor do edificio, o **abono inmediato da súa parte proporcional da derrama (85% do total)** para acometer as obras urxentes de reparación de humidades e reposición do sistema de bombas de achique.
- 2. Instar á Xunta de Galicia** a realizar unha auditoría técnica externa sobre o estado de impermeabilización da fachada e cuberta para solucionar de xeito definitivo as filtracións, tal e como recomendan os informes técnicos.
- 3. Solicitar unha reunión urxente** entre o concello de Narón, persoas representantes da comunidade de Telleiras 3 e a Dirección Xeral do IGVS para establecer un cronograma de obras antes de que finalice o presente semestre.
- 4. Apoiar institucionalmente** calquera acción xudicial que a comunidade se vexa obrigada a emprender se o IGVS non responde nun prazo de 30 días, dada a gravidade da situación de insalubridade.

Narón, 16 de xaneiro de 2026